

4º E.S.O. e Bacharelato

FALEMOS DAS...

MULLERES DA XERACIÓN DO 27

Cando se estuda a Xeración do 27, a maioría dos libros de texto recollen a poetas tan coñecidos como Federico García Lorca, Gerardo Diego, Luís Cernuda, Rafael Alberti, etc. Con todo, poucos inclúen que a esta xeración pertenceron tamén mulleres poetas, filósofas, escritoras e pintoras. Foron mulleres que fixeron achegas importantes e, que do mesmo xeito que os seus compañeiros homes, tamén se comprometeron coa sociedade na que vivían, con todo, a historia non lles deu o recoñecemento que sen dú-

bida merecen. Por esta razón, imos indagar nos libros de texto e en diferentes materiais para tratar de visibilizalas. Comprobaremos que estas mulleres foron esquecidas inxustamente e que moitas delas foron lembradas só pola súa relación cos seus maridos, parellas ou amigos escritores. Trataremos desta forma de rescatalas do esquecemento para que a súa obra brille con luz propia e para que se valore que, en moitos casos, ocuparon un discreto segundo plano para non restar protagonismo ás súas parellas

INDAGANDO NOS LIBROS DE TEXTO...

1. O termo "Xeración do 27 foi acuñado para referirse ao grupo de escritores e artistas máis influíntes da cultura española da primeira metade do século XX. O seu legado é amplamente coñecido en relación ao deixado polos varóns, pero é que non había mulleres? Fai un resumo da información que recolle a seguinte ligazón:

<http://goo.gl/K7KDgB>

2. Quen son "As Sensombreiro"? Por que esta denominación? Busca ás mulleres que pertenceron á Xeración do 27, tanto escritoras como pertencentes a outras ramas artísticas. Podes utilizar a seguinte ligazón: <http://goo.gl/GEG6ID>

3. En que contexto histórico se desenvolveu o movemento?

4. Que escritores/as inclúe o teu libro de texto como pertencentes á Xeración do 27?

5. Faise algunha referencia á participación de mulleres no grupo ou se inclúe algunha escritora na relación do 27?

6. Cales cres que son os motivos polos que as mulleres escritoras foron olvidadas?

DESCUBRÁMOLAS...

7. Tendo en conta a información da ligazón anterior, cal era o papel da muller na sociedade da época? En que sentido foron pioneiras as mulleres do 27?

8. Que características comparten as escritoras que pertencen a este grupo?

9. Busca información sobre a Residencia de Señoritas a través da seguinte ligazón: <http://goo.gl/nQZIUv>

10. Algunhas delas eran parella ou muller de poetas que formaban parte do grupo. Cres que se lles deu a mesma importancia e recoñecemento a ambos os membros da parella?

DESCUBRAMOS A...

CONCHA MÉNDEZ

1. Busca información e recolle os datos máis relevantes sobre a biografía de Concha Méndez e sobre a súa obra.

2. Trata de facer unha descripción dos méritos de Concha Méndez partindo da información que nos da esta ligazón: <http://goo.gl/hi9eJu>

3. Con quen estivo casada? Cres que poido influir o seu matrimonio en que non fora unha poeta coñecida? En qué sentido?

4. Con qué autores da Xeración do 27 mantivo amizade? Tivo influencia nalgún deles?

5. Busca información sobre a obra de Concha Méndez, anota os títulos e as características máis importantes da súa obra poética.



ERNESTINA DE CHAMPOURCÍN

1. Busca información e recolle os datos máis relevantes sobre a biografía de Ernestina de Champourcín e sobre as características da súa obra.

2. Le o artigo de prensa da seguinte ligazón: responde á seguinte cuestión: <http://goo.gl/RDf28x>

Por que cres que se se quere chamar "poeta" e non "poetisa"?

3. Busca información sobre o Liceo feminino e quen formaban parte del.

4. No artigo argumentase que se lle recoñecería se tivera retornado do exilio durante a transición, pero como volveu antes, esto prexudicouna. En que sentido e por que se viu prexudicada?

5. Cales son as etapas nas que ela mesma organiza a súa obra? Busca información a través da seguinte ligazón:

<http://goo.gl/9AxdQx>



Mª TERESA LEÓN

1. Busca información e recolle os datos máis relevantes sobre a biografía de Mª Teresa León e as características da súa obra.

2. Utilizando a seguinte ligazón, busca a información sobre a obra "Memoria de la melancolía", de María Teresa León, y extrae algún pasaxe en que describa a súa relación con algún escritor do Grupo Poético do 27:

<http://goo.gl/8Slrtv>

3. Le na seguinte ligazón a nova do diario El País na que recolle o falecemento de María Teresa León e fai un resumo sobre os valores máis destacables que lle atribúe á autora e á súa obra: http://elpais.com/diario/1988/12/15/cultura/598143601_850215.html

4. Fai unha relación dos acontecementos paralelos que viviron María Teresa León y Concha Méndez.

5. As dúas mulleres ficaron moito tempo ao lado de dous importantes poetas. Cres que iso serviu para que as súas carreiras literarias non tiveran un maior desenvolvemento?



ROSA CHACEL

1. Busca información e recolle os datos máis relevantes sobre a biografía de Rosa Chacel e sobre as características da súa obra.

2. Que xéneros literarios cultivou?

3. Rosa Chacel optou por unha poesía intelectual e de gran contención verbal. No poema "Apolo" crea o seu ideario defendendo a literatura apolínea fronte á dionisiaca. Le na seguinte ligazón <http://diversiacollects.blogspot.com.es/2013/04/apollo-de-rosa-chacel-1898-1994.html> e explica qué quere expresarnos con esta afirmación. No último verso conclúe con tres palabras que expresan a súa "ars poetica". Podes explicar que expresan?



4. Na seguinte ligazón de El País, http://elpais.com/diario/1977/01/05/cultura/221266804_850215.html, hai un artigo de Clara Janés sobre a novela "Barrio de maravillas" que titula "Rosa Chacel y la luz". Clara Janés explica o título do artigo cuando di: "o único fio que nos permite recorrer ese múltiple labirinto de Barrio de Maravillas, é a luz. A luz lévanos así, paso a paso, de páxina a páxina: A luz, nesa hora, é collida a través desas pantallas e a mira os cuartos pulcros, as camas abrandadas, os corpos descubertos..." A que se refere? Que relación pode ter coa súa poesía?

DESCUBRAMOS A...

ZENOBIA CAMPRUBÍ

1. Busca información e recolle os datos máis relevantes e a vida de Zenobia Camprubí e sobre as características da súa obra.

2. Por que é coñecida fundamentalmente Zenobia Camprubí? Quen era a súa parella?

3. De que clube feminino formou parte Zenobia? Formando parte dese clube, que pretendía conseguir para as mulleres?

4. Busca no "Diario de un poeta recién casado", de Juan Ramón Jiménez, el poema 57. Despois de lelo comenta o seu contido.



JOSEFINA DE LA TORRE

1. Busca información e recolle os datos máis relevantes e a vida de Josefina de la Torre e sobre as características da súa obra.

2. Fui unha muller polifacética. Busca información neste enlace e saca os datos máis relevantes: <http://www.revistacanarii.com/canarii/4/josefina-de-latorre-millares>

3. A antoloxía de Xerado Diego "Poesía española contemporánea" (1934) inclúe só a dúas mulleres: Josefina de la Torre e Ernestina de Champourcín. En que consistía esa "Antoloxía"? Que escritores varóns forman parte desa antoloxía? Están incluídos no libro de texto? Qué opinas disto?



CARMEN CONDE

1. Busca información e recolle os datos máis relevantes da vida de Josefina de la Torre e sobre as características da súa obra.

2. Le a seguinte ligazón dunha reportaxe de El País e fai un resumo dos datos que da sobre a vida de Carmen Conde. http://elpais.com/diario/2007/08/11/babe-lia/1186789823_850215.html

3. Carmen Conde foi a primeira muller que ingresou na Real Academia de la Lengua. Investiga cantos homes e cantas mulleres forman parte dela na actualidade e busca información sobre as datas de ingreso das mulleres.



ACTIVIDADES

RECAPITULACIÓN

1. Estudiamos ás mulleres da Xeración do 27, pero hai outras moitas que debemos rescatar. Busca información destas mulleres e explica a que movemento literario pertencen. Comproba se están no teu libro de texto: Rosalía de Castro, Carolina Coronado, Fernán Caballero, Pardo Bazán, Pilar de Valderrama, Ángela Figuera Aymerich, Carmen Martín Gaité, Carmen Laforet, Concepción Arenal, Ana María Matute, Alfonsina Storni.

2. Liches algún libro escrito por unha muller? Cal? Coñeces a algunha muller escritora?

3. Busca nomes de escritoras actuais e valora se teñen tanto éxito como os homes. 4. Elaboro un artigo de opinión de carácter expositivo-argumentativo no que expoñas as razóns polas que é necesario rescatar do esquecemento a tantas mulleres escritoras esquecidas.

